



FEDERACION GALEGA DE PELOTA  
Complejo Deportivo Elviña  
Praza Agustín Díaz 1, Local 21, 15008 A CORUÑA  
Tfno.: 650 955 255 / E-mail: [correo@fgalpelota.es](mailto:correo@fgalpelota.es)  
C.I.F. G-15067002 / [www.fgalpelota.es](http://www.fgalpelota.es)



XUNTA  
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



# COMISIÓN XESTORA DA FEDERACIÓN GALEGA DE PELOTA 2026

Una vez convocadas as Eleccións da Federación Galega de Pelota, a Xunta Directiva da federación entendese disolta, asumindo as súas funcións a comisión xestora, composta polos seguintes membros:

1) Dous membros elixidos pola Comisión Delegada debendo ter representación, por este orde, os estamentos de: entidades deportivas, deportistas, xuíces/árbitros e adestradores e adestradoras. Se elixirán tamén dous persoas suplentes por posibles baixas por presentarse ás eleccións como candidatos.

- **Aitor García Tomillo**
- **Juan José Villamor López**
- Suplente: **Jonathan Martín Melgos Tarjuelo**
- Suplente: **Alejandro No Marín**

2) Dous membros designados pola Xunta Directiva antes da súa disolución entre os que se deberán incluír as persoas que exercerán as funcións de secretaría e tesourería da federación.

- Secretaría: **Carmen Miguéns Suárez**
- Tesourería: **Antonio Gustavo Pardo Obra**

3) A presidencia da comisión xestora corresponderá a quen sexa elixida para tal función. Poderá exercer a presidencia a persoa titular saínte, coa limitación regulada no apartado seguinte.

- Presidencia: **José Ignacio García Castro**

4) As persoas que presenten a súa candidatura para formar parte dos órganos de goberno e representación da Federación non poderán ser membros da comisión xestora, debendo cesar en dita condición ó presentar a candidatura en cuestión.

5) A comisión xestora entenderase extinguida unha vez tomen posesión os membros dos órganos de goberno da Federación Galega de Pelota.

6) A comisión xestora será o órgano encargado de xestión ordinaria da Federación durante o proceso electoral. Non poderá realizar actos que induzan ou condicionen o sentido do voto dos electores, e a súa actuación atenderá aos principios de obxectividade, transparencia e igualdade.

7) Se o proceso electoral se adiaza e afectase ó desenvolvemento da actividade deportiva da Federación, a comisión xestora, coa autorización da Secretaria Xeral para o Deporte, adoptará as medidas axeitadas para asegurar o normal funcionamento.



A Coruña, a 11 Xuño de 2026